

Socialistas de Lemos e A Ulloa presentaranlles as iniciativas do partido aos afectados das preferentes

O grupo socialista pedirá no próximo pleno do Parlamento que a Xunta lle esixa a Novagalicia que lles notifique a todos os compradores de preferentes e subordinadas a súa situación, xa que á Plataforma lle preocupa que “30.000 persoas en Galicia aínda non tomaran accións”, polo que “moitas delas non saben o que teñen contratado”

Representantes do PSdeG nas comarcas acudirán esta tarde á convocatoria realizada pola Plataforma en Monforte e informarán sobre as mocións presentadas en toda a provincia

Os representantes do PSdeG na comarca e nos concellos de Lemos e nos municipios do Suroeste de Taboada, Chantada e Carballedo acudirán esta tarde á convocatoria realizada en Monforte pola Plataforma de Afectados polas Preferentes e Subordinadas de Lugo. Os socialistas escoitarán a situación e as demandas dos prexudicados por estes produtos financeiros e explicarán as medidas adoptadas polo partido, que vén de presentar enmendas ao respecto nos concellos de toda a provincia e na Deputación, que foron redactadas en común cos afectados. Asimesmo, informarán de que no vindeiro pleno do Parlamento, o grupo socialista levará unha moción que recolle as demandas trasladadas pola Plataforma.

Na moción parlamentaria, o PSdeG inclúe un dos puntos que preocupan aos representantes da Plataforma e que estes lles trasladaron aos deputados do partido na reunión de Lugo: os socialistas pediránlle á Xunta que lle esixa a Novagalicia que lles notifique a todos os compradores de preferentes e subordinadas a súa situación, xa que “hai 30.000 persoas en Galicia –das arredor de 78.000 afectadas- que aínda non tomaron accións”, polo que “moitas delas non saben aínda que o que teñen no banco son preferentes e sobre todo subordinadas, e atoparanse de golpe con que perden os seus aforros”. Ademais, a moción socialista insta a dotar de máis medios humanos e materiais o sistema de arbitraxe e garantilo para todos os afectados polas subordinadas e preferentes, a facer públicos os criterios de inclusión e exclusión na arbitraxe para facer transparente o proceso, a prestar asesoramento xurídico a quen o requira e a esixirlle ao Goberno que impugne a normativa de reestruturación do sistema financeiro que establece quitas para as persoas estafadas.